



**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN
DATA 28 DE MARZO DE 2025**

PRESIDENTE:

PABLO DIEGO MOREDA GIL

MEMBROS:

XOSE ANTON ARRIBE RODRIGUEZ

ISMAEL DURAN BEREJO

MARIA JOSE PERNAS DIAZ

LUCIA PICOS ANEIROS

SECRETARIA:

ANA VELO RUIZ

INTERVENTORA:

MARIA CARMEN MENENDEZ ARES

Na Casa Consistorial do Concello de Cedeira, ás 13:48 horas do día 28 de marzo de 2025, reúnese a Xunta de Goberno Local co obxecto de realizar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria baixo a presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Sres./Sras. Concelleiros/as que arriba se relacionan, actuando como Secretaria, dona Ana Velo Ruiz, que dá fe do acto.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 113 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, aprobado por Real Decreto 2568/1986, para a válida realización das sesións da Xunta de Goberno Local, declara aberta esta, pasándose ó estudio e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DO 17.03.2025

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 17.03.2025 e ao non producirse ningunha, a Presidencia somete a votación ordinaria a súa aprobación, da que resulta aprobada por unanimidade dos Sres./Sras. Concelleiros/as.

2. APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2025 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS.Expt. 2025/G006/000098

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 25.03.2025, que literalmente di:

“Expt. 2025/G006/000098

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DO PADRÓN DE ABOADOS CORRESPONDENTE AO 1º TRIMESTRE DO ANO 2025 DE SUBMINISTRO DE AUGA E SUMIDOIROS



Con data 21/03/2025 (rex. entrada núm. 202599900000574) a empresa VIAQUA, GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U. presenta o resumo da facturación e o Padrón de aboados deste Concello, por subministro de auga e sumidoiros correspondente ao 1º trimestre do ano 2025.

Por isto, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

Aprobar o padrón de aboados correspondente ao 1º trimestre do ano 2025 de subministro de auga e sumidoiros por un total xeral de contratos de **4.813** e un importe total xeral de **204.740,08€** e a publicación do anuncio deste Padrón no Boletín Oficial da Provincia e a súa exposición ó público no taboleiro de anuncios deste Concello durante o prazo de 15 días, a efectos de reclamacións. No caso de non presentarse alegacións entenderase aprobado definitivamente o acordo provisional.

Asemade no recibo da auga inclúese o Canon da Auga, e igualmente advírtese ao contribuínte de que a falta de pago no período voluntario sinalado suporá a existencia do canon da auga directamente ao contribuínte pola vía de constrinximento pola Consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia e asemade, indícase que a repercusión do canon da auga poderá ser obxecto de reclamación económico-administrativa ante o órgano económico-administrativo da Comunidade Autónoma de Galicia no prazo de un mes dende que se entenda producida a notificación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

3. APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO 2025

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.03.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: APROBACIÓN DAS LIQUIDACIÓNS CORRESPONDENTES A TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR CORRESPONDENTES AO MES DE FEBREIRO 2025.

O Concello de Cedeira desenvolve o programa de Servizos Sociais de axuda no fogar e conta coa autorización de inicio de actividade inscrito no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais da Xunta de Galicia co número de identificación E-736/P.001.

A nova ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira publicada no BOP núm.:94 do 19.05.2016 adaptada ao Decreto 99/2012, modificado polo Decreto 149/2013, do 5 de setembro polo que se define a carteira de servizos sociais para a promoción da autonomía persoal e a atención ás persoas en situación de dependencia e se determina o sistema de participación das persoas usuarias no financiamento do seu custo entrou en vigor o día 07.06.2016.

O regulamento do servizo de axuda no fogar do Concello de Cedeira establece no artigo 7.8 a obriga dos usuarios de participar no pagamento do servizo nos termos establecidos na súa norma reguladora. A participación no financiamento do servizo está regulado nos artigos 17 e 18 da ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar.

CVD: 4T0QTt6tf5tY0QJJn10M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. Oreda Gil (FECHA: 01/04/2025 10:45:00)

Versión imprimible

CVD: ARJ9RZqV9ryBvmFCEB70 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



Unha vez determinada a participación de cada persoa usuaria no copagamento do servizo e comprobadas as horas efectivas de atención realizadas a cada un deles polo persoal do Departamento de Servizos Sociais do Concello,

É polo que se **propón** a esta **Xunta de Goberno Local**:

1º) A aprobación das liquidacións correspondentes a:

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade dependencia**, correspondente ó mes de febreiro 2025 que empeza por _____ cun importe de 76,38 € e finaliza con _____ cun importe de 47,31 € e se compón de 45 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 4.257,38 €.

taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, **modalidade libre concorrencia**, correspondente ó mes de febreiro 2025 que empeza por _____ cun importe de 14,40 € e finaliza con _____ cun importe de 28,80 € e se compón de 10 obrigados ó pagamento ascendendo a un total de 432,00 €.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

4. ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO POR INHABILITABILIDADE DE INMOBLE. EXPEDIENTE: 2024/X999/0000247

Visto o informe-proposta, asinado dixitalmente polo Tesoureiro accidental con data 24.03.2025, que literalmente di:

“INFORME- PROPOSTA

Asunto: ANULACIÓN DE RECIBO DA TAXA DE RECOLLIDA DO LIXO POR INHABILITABILIDADE DE INMOBLE.

Expediente: 2024/X999/0000247

Solicitud: 202400000002941 (11/09/2024)

ANTECEDENTES

Primeiro. D^a. _____ solicitou a baixa dos recibo cos datos que se indican a seguir alegando a inhabilitabilidade da construción.

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO	SUXEITO PASIVO	NIF/CIF
253000648383				
253000648384				

Segundo. Consta no expediente informe do arquitecto municipal Antonio Rodríguez Fabello de 19 de marzo de 2025, en sentido FAVORABLE.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

I. A competencia orixinaria para resolver correspóndelle á Alcaldía- Presidencia, consonte o disposto na Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e o Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

CVD: 4T0QTt6tf5tY0QJJn10M Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. Oreda Gil (FECHA: 01/04/2025 10:45:00)

Versión imprimible

CVD: ARJ9RZqV9ryBvmFCEB70 Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.



É competente para resolver a Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto no Decreto 345/2023 de 10 de xullo, na letra B, núm. 4 e 13, do número terceiro, que dispón a delegación expresa na Xunta de Goberno Local da aprobación de padróns fiscais de impostos, taxas e prezos públicos e da resolución de recursos que se interpoñan contra os acordos en materias delegadas que se teñen detalladas nos apartados anteriores.

II. Son aplicables a Lei 58/2003 de 17 de decembro, xeral tributaria e a vixente Ordenanza fiscal 2.11 do Concello de Cedeira reguladora da taxa por recollida de residuos sólidos urbanos. Publicada na súa versión definitiva no Boletín Oficial da Provincia da Coruña número 104 de data 4 de xuño de 2021. Na súa nova redacción aplicable dende o 07.06.2021

II.A. O artigo 2 da norma municipal define o feito imponible da taxa, que consiste na prestación do servizo, de recepción obrigatoria, de recollida, transporte e tratamento de residuos domésticos e comerciais, en vivendas ou locais onde se exerzan actividades comerciais, industriais, profesionais, de servizos ou calquera outra actividade, de acordo coas definicións recollidas na lei 22/2011, de 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

II.B. Polo que se refire á data da devindicación, segundo dispón o artigo 6.2: “Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cotas devindicaránse o primeiro día de cada ano natural, salvo que a alta ou baixa do servizo se producise con posterioridade á devandita data, en cuxo caso se prorrateará por trimestres naturais. Non producira o prorrateo nos cambios de titularidade, unha vez transcorrida a devindicación”.

II.C. O artigo 5.3 a) da Ordenanza establece “A solicitude do interesado, mediante informe elaborado por técnico competente que acredite que non se atopan en condicións para ser habitables, daranse de baixa no padrón por un prazo máximo de tres exercicios, transcurrido o cal deberáse renovarse e acreditarse a baixa no padrón. En caso de agrupación ou división de vivendas, deberáse achegar igualmente o informe técnico que o acredite.

A emisión do informe correspondente polos técnicos municipais suporá unha taxa fíxa de 20,00 “

III. O expediente conta con informe técnico municipal que conclúe as condicións de non habitabilidade da vivenda a data 19 de marzo de 2025.

A ordenanza establece que a baixa dun recibo por esta circunstancia (declaración de inhabitabilidade) terá unha vixencia máxima de tres anos, transcorridos os cales haberá que acreditar novamente a devandita situación.

Por tanto, procedería a baixa do padrón dos recibos correspondentes aos exercicios 2025, 2026 e 2027 no sentido de que se acredita o cumprimento desta circunstancia.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. DAR DE BAIXA no Padrón da taxa pola recollida de residuos sólidos urbanos para os exercizos 2025, 2026 e 2027 os recibo cos seguintes datos:

NÚMERO FIXO	REF. CATASTRAL	ENDEREZO TRIBUTARIO	SUXEITO PASIVO	NIF/CIF
253000648383				
253000648384				

SEGUNDO. NOTIFICAR o presente acordo á interesada.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar o informe-proposta nos termos nos que quedou transcrito.



5. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓNS PARA GASTOS DE COMISIÓNS DE FESTAS DE CEDEIRA DO ANO 2024: COMISIÓN DE FESTAS DE RÉGOA NIF V70546338.

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 26.03.2025, que literalmente di:

“Expediente: 2025/G006/000021

Asunto: Aprobación da xustificación de subvencións para gastos de Comisións de Festas de Cedeira do ano 2024: comisión de festas de Régoa NIF V70546338.

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

Vistas as bases reguladoras para a concesión de subvencións para gastos de Comisións de Festas do ano 2024, que foron aprobadas na Xunta de Goberno Local do 5 de xullo de 2024.

Consta no expediente a documentación xustificativa da subvención presentada pola comisión de festas de Régoa NIF V70546338.

Visto o informe favorable de Intervención de data 26 de marzo de 2025 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local o seguinte:

PRIMEIRO. Aprobación dos gastos realizada pola comisión de festas de Régoa NIF V70546338

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 240,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Notificar a presente Resolución á entidade interesada con indicación dos recursos que resulten procedentes.

QUINTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

6. APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A BANDA DE MUSICA VILA DE CEDEIRA, CON NIF G15812530 PARA O ANO 2024

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 26.03.2025, que literalmente di:

“EXPEDIENTE: 2025/G006/000090

Asunto: APROBACIÓN DA XUSTIFICACIÓN DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA A BANDA DE MUSICA VILA DE CEDEIRA, CON NIF G15812530 PO ANO 2024.



PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO

O 1 de outubro de 2024 asinouse o convenio de colaboración entre o concello de Cedeira e a Banda de Música Vila de Cedeira con NIF G15812530po ano 2024. O obxecto do convenio de colaboración é para financiamento por parte do Concello de Cedeira de gastos de funcionamento da antedita banda.

Consta no expediente a documentación xustificativa segundo co esixido na base sétima do convenio asinado.

Visto o informe favorable de Intervención de data 26 de marzo de 2025 relativo a xustificación da subvención.

Conforme as atribucións previstas na normativa vixente, veño a proporner á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Aprobar a xustificación da subvención realizada pola de Música Vila de Cedeira con NIF G15812530po ano 2023.

SEGUNDO. Liberar a garantía depositada polo importe xustificado da subvención, 3.300,00 €, abonando o importe con cargo ao concepto non orzamentario 20510 (fianzas definitivas, metálico).

TERCEIRO. Ordenar a súa devolución mediante transferencia bancaria á conta corrente da entidade citada que figura na base de datos da contabilidade municipal.

CUARTO. Dar traslado a Intervención e Tesourería aos efectos oportunos.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

7. APROBACIÓN DA CERTIFICACIÓN NÚM. 4 DA OBRA “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”. POS+ADIC 2/2023. EXPEDIENTE: 2023/C003/000005

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 27.03.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Expediente número: 2023/C003/000005

Asunto: aprobación da certificación núm. 4 da obra “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”. POS+ADIC 2/2023

Visto que con data 11.03.2025 e número de rexistro de entrada de documentos 2025/999/502, D. Miguel Fiuza Canosa, director da obra denominada “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA”, presentou a seguinte documentación, correspondente á empresa adxudicataria CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L., con CIF B15768880:

- Certificación núm. 4 polo importe de 22.985,64 €
- Informe mensual da dirección de obra correspondente á certificación de obra núm. 4

Visto que a factura con núm. de rexistro de facturas F/2025/675, de data 28.02.2025, núm. de factura FE25 28, correspondente á certificación núm. 4 da obra “REFORMA E CONSERVACIÓN DO



EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA” por importe de 22.985,64 €, foi expedida polo adxudicatario nos termos do RD 1619/2012 e Lei 25/2013, do 27 de decembro e presentada telematicamente.

Visto que con data 26.03.2025 emitiuse informe favorable pola Intervención municipal, relativo á aprobación da certificación de obra núm. 4 e factura presentada.

Visto que a ordenación de pagamento é unha das fases do procedemento de xestión dos gastos, de acordo co artigo 184.1.d) do RDL 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Visto que de conformidade co art. 185.2 TRLRFL “Corresponderá ao presidente da corporación o recoñecemento e liquidación das obrigacións derivadas de compromisos de gastos legalmente adquiridos”.

Visto o artigo 61 do RD 550/1990, do 20 de abril, que desenvolve o Capítulo I do Título VI da Lei 39/1988, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, en materia de orzamentos, o cal define a ordenación do pagamento como o acto mediante o cal o ordenador de pagamentos, de acordo cunha obriga recoñecida e liquidada, expide a correspondente orde de pagamento contra a Tesourería da Entidade.

Examinada a documentación que a acompaña, e de conformidade cos artigos 21.1.f) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; 186 do RDL 2/2004, de 5 de marzo; 41.17 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais; 62 do RD 550/1990, de 20 de abril, e Base 19ª de Execución do Orzamento do ano 2024, os cales atribúen ao Presidente da Entidade Local as funcións da ordenación de pagamentos.

Tendo en conta a Lei 7/1985, de 2 de abril, Bases do Réxime Local; o RDL 2/2004, de 5 de marzo; o RD 550/1990, de 20 de abril, as Bases de Execución do Orzamento do ano 2024, esta Alcaldía, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixente,

Propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación de obra núm. 4 da obra “REFORMA E CONSERVACIÓN DO EDIFICIO ESCOLAR NO LUGAR DE CORREDOIRA” a favor do contratista CONSTRUCCIONES GUERREIRO SOMOZAS, S.L., con CIF B15768880 polo importe de VINTE E DOUS MIL NOVECIENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (22.985,64 €).

SEGUNDO.- Recoñecer a obriga correspondente da factura con núm. de rexistro de facturas F/2025/675, de data 28.02.2025, núm. de factura FE25 28, con cargo á aplicación orzamentaria 336.63200 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024 e aprobar a correspondente factura, por un importe de VINTE E DOUS MIL NOVECIENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (22.985,64 €).

TERCEIRO.- Ordenar o pagamento con cargo á aplicación orzamentaria 336.63200 do vixente Orzamento Municipal exercicio 2025, que é o prorrogado do ano 2024, por un importe de VINTE E DOUS MIL NOVECIENTOS OITENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E CATRO CÉNTIMOS (22.985,64 €).



CUARTO.- Remitir á Excma. Deputación Provincial da Coruña a documentación necesaria para os efectos xustificativos correspondentes.

QUINTO.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria e ao director da obra.

SEXTO.- Dar traslado aos servizos municipais de Intervención e Tesourería; así como ao de Contratación.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobar a proposta nos termos nos que quedou transcrita.

8. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN NÚM. 150/2025 DE 26.03.2025 DE SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 07 DE FEBREIRO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DAS SUBVENCÍONS A CONCELLOS DE ATA 10.000 HABITANTES PARA ACTUACÍONS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURISTICAS - PROCEDEMENTO TU503D

Dáse conta á Xunta de Goberno Local da resolución de Alcaldía núm. 150/2025 de data 26.03.2025, que di:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

SOLICITUDE DE AXUDA AO ABEIRO DA RESOLUCIÓN DO 07 DE FEBREIRO DE 2025 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS PARA A CONCESIÓN, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA NON COMPETITIVA, DAS SUBVENCÍONS A CONCELLOS DE ATA 10.000 HABITANTES PARA ACTUACÍONS DE MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS TURISTICAS - PROCEDEMENTO TU503D

Vista a Resolución do 07 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia non competitiva, das subvencións a concellos de ata 10.000 habitantes para actuacións de mellora das infraestruturas turísticas, e se procede á súa convocatoria para o ano 2025 (código de procedemento TU503D), publicada no DOGA número 35 de 20 de febreiro de 2025.

Visto o proxecto técnico coa denominación “Mellora de camino de baixada a San Andrés desde Chao do Monte” cun orzamento sen IVE de 39.915,59€, B.I. e Gastos Xerais incluídos e un custo con IVE de 48.297,86€.

Visto que, segundo a Resolución de convocatoria o IVE será subvencionable, sempre que non sexa recuperable pola entidade solicitante.

Tendo en conta, que a Resolución do 07 de febreiro de 2025 establece que hai cinco tipos de actuación subvencionables e que o proxecto técnico podería encadrarse dentro das Actuacións de embelecemento dos accesos aos recursos turísticos da entidade solicitante. E que o artigo 2.9 de dita Resolución establece un financiamento do 100% do orzamento total co límite de 30.000€.

Polo exposto, **RESOLVO:**

Primeiro.- Avocar a competencia delegada na Xunta de Goberno Local por darse as circunstancias recollidas no artigo 10 da Ley 40/2015 de 1 de outubro de réxime xurídico do sector público.



Segundo.- Aprobar a solicitude de participación na convocatoria ao abeiro da Resolución do 07 de febreiro de 2025 para a realización do proxecto “Mellora de camino de baixada a San Andrés desde Chao do Monte” cun orzamento con IVE de 48.297,86€, B.I. e Gastos Xerais incluídos dentro das Actuacións de embelecemento dos accesos aos recursos turísticos da entidade solicitante. Sendo a cantidade solicitada de 30.000€ (o máximo a conceder).

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Resolución de convocatoria e o compromiso de financiar o importe da actividade que non resulte subvencionado ao abeiro desta convocatoria ata o importe total da execución prevista segundo a documentación achegada coa solicitude.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución á Xunta de Goberno Local na próxima sesión que se realice.”

A Xunta de Goberno Local dáse por enterada.

9. ASUNTOS VARIOS

Pola Presidencia sométese a consideración da Xunta de Goberno Local, por razóns de urxencia, a seguinte proposta:

9.1 CONVENIO DE COLABORACIÓN EN ACTIVIDADES CULTURAIS ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A AGADIC. EXPTE 2025/A006/000008

Vista a proposta de Alcaldía, asinada dixitalmente con data 28.03.2025, que literalmente di:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

Asunto: CONVENIO DE COLABORACIÓN EN ACTIVIDADES CULTURAIS ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A AGADIC. EXPTE 2025/A006/000008

Visto o borrador do Convenio de colaboración en actividades culturais entre o Concello de Cedeira e a Agadic que ten por obxecto a colaboración entre ambas para a realización de diferentes actividades culturais e proxectos escénicos que revertan en beneficio da cidadanía de Compostela e Cedeira e da sociedade en xeral.

Visto que a Agadic é unha axencia pública autonómica, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio, cuxo obxecto é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia. Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen. Para a consecución destes obxectivos, a Agadic, a través da súa unidade de produción de teatro denominada Centro Dramático Galego (CDG), integrado no Departamento de Producción Teatral da Axencia, produce espectáculos de teatro, ben directamente ou ben en réxime de coprodución con outras compañías e institucións, públicas ou privadas. Estes espectáculos son exhibidos en diversas salas xestionadas pola Agadic, así como en calquera outro espazo e/ou recinto escénico co que se estableza o oportuno acordo de exhibición.

Visto que o Concello de Cedeira e a Agadic, a través do CDG, veñen colaborando nos últimos anos en actividades culturais como a representación de producións do CDG ou os autobuses de público, colaboracións que desexan continuar, na procura de obxectivos sociais e culturais.



Visto o interese deste Concello en asinar o Convenio de colaboración coa Agadic.

Vista a memoria xustificativa, que esixen os artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público.

Visto o informe de Secretaría de data 28 de marzo de 2025.

Resultando que a competencia para a aprobación do convenio corresponde á Xunta de Goberno Local, tendo en conta que a Alcaldía delegou nese órgano as facultades correspondentes, consonte o disposto na resolución de Alcaldía núm. 345/2023, de 10 de xullo.

En base ó anterior, en uso das atribucións que me confire a normativa vixente, propono á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o Convenio de colaboración en actividades culturais entre o Concello de Cedeira e a Agadic que se incorpora como anexo desta proposta.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para a sinatura do convenio.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN EN ACTIVIDADES CULTURAIS ENTRE O CONCELLO DE CEDEIRA E A AGADIC

En Santiago de Compostela

REUNIDOS

Dunha parte, Pablo Diego Moreda Gil, en calidade de alcalde do Concello de Cedeira, con NIF P1502200G e enderezo na Rúa Real, 15, Cedeira, no exercicio das atribucións establecidas.

Doutra parte, Jacobo Sutil Nesta, na súa calidade de director da Axencia Galega das Industrias Culturais (no sucesivo Agadic), con NIF Q-6550009-B e enderezo na Cidade da Cultura de Galicia, Monte Gaiás s/n, Santiago de Compostela, no exercicio das facultades e demais funcións que lle foron conferidas por razón do seu cargo pola Lei 4/2008, do 23 de maio, de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, e o Decreto 150/2012, do 12 de xullo, polo que se aproba o Estatuto da Axencia Galega das Industrias Culturais (por delegación, en virtude do acordo do 24 de xullo de 2012, do presidente do Consello Reitor da Axencia Galega das Industrias Culturais, de delegación de competencias na persoa titular da Dirección da Agadic, publicado no Diario Oficial de Galicia o 29.08.2012).

EXPOÑEN

1 – Que o CONCELLO DE CEDEIRA no marco das competencias que o artigo 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, lle outorga aos municipios, ten entre as súas finalidades a promoción da cultura entre os seus cidadáns e facilitar o acceso á mesma, así como contribuír á súa formación nas diferentes disciplinas artísticas para potenciar a intervención cultural dos cidadáns e a súa asunción dun papel activo no desenvolvemento cultural.

O artigo 23.1 do Regulamento do uso do galego no concello de Cedeira dispón que de acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, o Concello fomentará a normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outra dentro do ámbito municipal.

O Concello de Cedeira é titular do Auditorio municipal. Este espazo está dotado con 240 butacas e o equipamento técnico necesario para a programación de actividades culturais e espectáculos de artes escénicas.

2 – Que A Agadic, creada pola Lei 4/2008, do 23 de maio de creación da Axencia Galega das Industrias Culturais, é unha axencia pública autonómica. O obxecto da Agadic é, entre outros, o fomento da oferta de bens e servizos culturais, fixado polo artigo 3.1 da dita Lei, e entre as súas funcións atribúense a de favorecer os produtos que difundan a lingua, a cultura e as tradicións propias de Galicia (artigo 5.b da Lei 4/2008). Para o logro dos seus obxectivos, a Agadic poderá subscribir



convenios, realizar actividades comerciais e industriais, conceder subvencións e establecer calquera outra iniciativa de acción tendente á consecución dos obxectivos que se lle atribúen (artigo 5.2 da Lei 4/2008).

Para a consecución destes obxectivos, a Agadic, a través da súa unidade de produción de teatro denominada Centro Dramático Galego (no sucesivo CDG), integrado no Departamento de Producción Teatral da Axencia, produce espectáculos de teatro, ben directamente ou ben en réxime de coprodución con outras compañías e institucións, públicas ou privadas. Estes espectáculos son exhibidos en diversas salas xestionadas pola Agadic, así como en calquera outro espazo e/ou recinto escénico co que se estableza o oportuno acordo de exhibición.

3 – Que o CONCELLO DE CEDEIRA e a Agadic, a través do CDG, veñen colaborando nos últimos anos en actividades culturais como a representación de producións do CDG ou os autobuses de público, colaboracións que desexan continuar, na procura de obxectivos sociais e culturais, polo que acordan celebrar este convenio conforme as seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto deste convenio é a colaboración entre a Agadic e o Concello de Cedeira para a realización de diferentes actividades culturais e proxectos escénicos que revertan en beneficio da cidadanía de Compostela e Cedeira e da sociedade en xeral. A inclusión de actividades culturais ou proxectos escénicos no ámbito de aplicación deste convenio realizarase mediante acordo da Comisión de Seguimento regulada na cláusula 5ª deste Convenio.

A continuación enuméranse, de xeito non taxativo, algunhas das actividades que se desenvolverán no eido deste convenio e que deberán ser comunicadas previamente pola entidade promotora/cesionaria á entidade cedente, de acordo co establecido nestas cláusulas:

Cursos de formación
Residencias artísticas
Presentacións
Funcións de espectáculos

SEGUNDA.- OBRIGAS DAS PARTES

Mediante a sinatura deste convenio, as partes adquieren as seguintes obrigas con respecto ás actividades culturais ou proxectos escénicos que se inclúan no seu ámbito de aplicación:

1. Tanto a Agadic como o CONCELLO DE CEDEIRA comprométense a comunicar formalmente, a través do seu representante na Comisión Seguimento regulada na cláusula 5ª deste Convenio, á outra parte as actividades culturais/proxectos escénicos que teñan interese en incluír dentro do ámbito de aplicación deste convenio, coa suficiente antelación e detallando o programa de actividades, as datas e os horarios nos que necesiten facer uso deles, así como calquera cuestión relacionada coas ditas actividades. Estas solicitudes serán revisadas e, no seu caso, aprobadas pola Comisión de Seguimento, de acordo co disposto na cláusula 5ª deste convenio.

2. O Concello de Cedeira cede á Agadic o uso temporal de distintos locais da súa xestión para as actividades culturais ou proxectos escénicos que se inclúan no ámbito de aplicación deste convenio mediante acordo da Comisión de Seguimento, sempre dentro das súas disponibilidades e sen causar ningún tipo de prexuízo na organización e desenvolvemento das actividades ordinarias do Concello.

Do mesmo xeito, a Agadic comprométese a manter a colaboración nos diferentes programas como o servizos de autobuses, asesoramento e acompañamento.

3. Coa cesión dos espazos poranse a disposición da parte cesionaria os medios técnicos e o persoal dispoñibles naqueles durante os horarios determinados no acordo de inclusión de actividades adoptado pola Comisión de Seguimento. Esta posta a disposición nunca implicará relación contractual algunha entre o persoal e a entidade promotora/cesionaria.

4. A Agadic e o CONCELLO DE CEDEIRA comprométense, como cedentes, a ceder os espazos en perfectas condicións no momento da cesión, sendo a súa responsabilidade a seguridade e limpeza destes. Como cesionarios, comprométense a manter e devolver os espazos nas mesmas condicións que lles foron cedidos, unha vez rematadas as actividades. Noutro caso, a entidade cesionaria estará obrigada a satisfacer o importe de todos os danos ocasionados con motivo da utilización indebida ou non imputable ao uso normal das instalacións.



5. O Concello de Cedeira e a Agadic comprométense a informar de calquera elemento ou circunstancia que poida supoñer unha modificación no espazo. Esta comunicación realizarase a través das persoas que formen a Comisión de Seguimento.

6. A Agadic e o CONCELLO DE CEDEIRA mencionarán a colaboración da parte cedente na publicidade das actividades que se realicen nos espazos obxecto de cesión. Neste sentido:

- Ambas entidades comprométense a inserir o nome e os logotipos da parte cedente en todos os materiais e publicidade (impresa, dixital ou audiovisual) que se fagan con motivo das accións recoñecidas por este convenio. Calquera acción de publicidade que se leve a cabo por calquera das partes convenientes, en relación co contido deste convenio ou as actividades incluídas no seu ámbito de aplicación, deberá ser comunicada previamente á outra, a través das persoas que forman parte da Comisión de Seguimento, que poderá opoñerse expresamente, co fin de acordar os termos nos que deban desenvolverse os ditos actos.
- Nas roldas de prensa e en calquera outro tipo de publicidade oral que se realice para a difusión da programación nos espazos cedidos, farase igualmente mención expresa a este convenio de colaboración e invitarase a participar á parte cedente nelas, debendo informar con antelación suficiente para estes efectos á Dirección da Agadic e á Dirección do CDG dos eventos realizados no Salón Teatro e á Alcaldía do CONCELLO DE CEDEIRA, no caso dos eventos realizados nos espazos xestionados por este.
- Queda expresamente prohibido á entidade cesionaria a instalación de calquera cartel ou anuncio, sexa da clase que sexa, que non estea previamente autorizado pola cedente.

7. A subscrición deste convenio non implica relación contractual algunha do CONCELLO DE CEDEIRA co persoal da Agadic nin da Agadic co persoal do CONCELLO DE CEDEIRA que interveña nas actividades que se desenvolvan no contexto deste convenio. A Agadic e o Concello de Cedeira faranse cargo das súas respectivas obrigas tanto no eido laboral, da Seguridade Social ou de carácter fiscal, como no eido de prevención de riscos laborais e seguridade e saúde no traballo ou calquera outra obriga que derive da súa relación co seu persoal ou entidades contratadas necesarias para a realización dos eventos.

8. A entidade cesionaria respectará os protocolos do espazo cedido e as normativas de aplicación en materia de seguridade e saúde.

9. Tanto a Agadic como o CONCELLO DE CEDEIRA quedarán exentos de calquera responsabilidade fronte a terceiros polas actividades desenvolvidas pola outra parte ao abeiro deste convenio. A cedente é allea a calquera tipo de relación entre a entidade promotora/cesionaria e terceiros (artistas, organizadores, intermediarios, medios de comunicación, persoal auxiliar, espectadores...), recoñecendo a falta de responsabilidade da entidade cedente por calquera feito, contrato, evento, suceso, acontecemento ou reclamación que se puidese expor por motivo directo ou indirecto respecto ao evento programado, a súa celebración e as súas consecuencias. Ambas partes declaran baixo a súa responsabilidade, nos termos do disposto no artigo 69 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas, que dispoñen dunha póliza de seguro de responsabilidade civil, subscrita con anterioridade ao inicio da entrada en vigor deste convenio, que cubra os posibles danos acaecidos no desenvolvemento das actividades incluídas nesta colaboración.

10. A entidade promotora/cesionaria deberá estar en poder das correspondentes autorizacións e será a súa responsabilidade a pertinente xestión, autorización e liquidación de todos os dereitos de autor, "royalties" ou calquera outras cotas con respecto aos dereitos de propiedade intelectual dos espectáculos ou calquera outra obra artística que se difunda e calquera outra obriga que se derivada da Lei 1/1996, do 12 de abril, de propiedade intelectual, sendo responsable de calquera sanción que se lle puidera impoñer por tales conceptos. A entidade cedente queda eximida de todo pagamento e responsabilidade por tales conceptos.

11. A explotación comercial, o sistema de venda de entradas e o pago de dereitos de autor derivados das actividades que se desenvolvan no eido deste convenio serán responsabilidade da entidade que se determine para cada evento no acordo da Comisión de Seguimento sobre a súa inclusión no ámbito de aplicación deste convenio. No caso de que a Agadic sexa a entidade cedente, o Concello de Cedeira poderá facer as labores comerciais e promocionais necesarias para a comercialización do evento que promova, pero deberá respectar os parámetros habituais da programación cultural do Salón Teatro, para o cal deberá consultar previamente coa Agadic e obter a súa conformidade.

12. A reprodución, difusión e comunicación de imaxes, sons, ou documentación do espectáculo, en canto inclúa referencias á entidade cedente ou imaxes, externas ou internas das instalacións, espazos ou zonas da entidade cedente en calquera medio de difusión impreso, audiovisual, internet ou en calquera soporte, físico ou virtual, deberá serlle comunicado previamente, que poderá opoñerse á mesma. A entidade cedente poderá facer uso das imaxes do espectáculo para fins promocionais, de investigación, arquivo e difusión da súa actividade. Neste acto, as entidades dan o seu consentimento mutuo para a difusión nas súas webs, redes sociais ou similares, para a realización e publicación de reproducións fotográficas e fragmentos audiovisuais ou análogas relativas aso espectáculos que se inclúan no ámbito de aplicación deste convenio.



13. O Concello de Cedeira e a Agadic garantirán 10 convites por función a disposición da outra entidade en cada actividade programada no eido deste convenio. Ditos convites deberán ser confirmados ata 48h antes do inicio da dita actividade.

14. A entidade cesionaria dará conta á entidade cedente do número de asistentes no caso de tratarse dunha representación.

15. A entidade cesionaria deberá dispor, como mínimo, dun técnico capacitado que dirixa os proxectores de iluminación e supervise o resto da montaxe.

16. Cando o espazo obxecto de cesión sexa o Salón Teatro, o servizo de venda física será realizado no seu despacho de billetes dende dúas horas antes de cada evento. O Concello de Cedeira, como entidade promotora/cesionaria, farase completamente responsable de calquera reclamación ou incidencia derivada da venda das entradas, eximindo á Agadic de calquera responsabilidade. Aceptaranse pagamentos en efectivo e poderanse aceptar os electrónicos sempre que o Concello de Cedeira achegue o seu propio TPV ou análogos, e non comporte custo algún para a Agadic.

17. Cando o espazo obxecto de cesión sexa o calquera dos xestionados polo Concello de Cedeira, o servizo de venda de entradas será acordado para cada espectáculo coa Agadic. A Agadic, como entidade promotora/cesionaria, farase completamente responsable de calquera reclamación ou incidencia derivada da venda das entradas, eximindo ao Concello de Cedeira de calquera responsabilidade. Aceptaranse pagamentos en efectivo e poderanse aceptar os electrónicos sempre que a Agadic achegue o seu propio TPV ou análogos, e non comporte custo algún para o Concello de Cedeira.

18. Poderanse modificar as datas e horarios das actividades que se inclúan no ámbito de aplicación deste convenio mediante acordo da Comisión de Seguimento, sempre e cando estas modificacións beneficien a boa marcha das actividades e propicien a consecución dos fins e obxectivos da actividade.

TERCEIRA.- VIXENCIA

Este convenio iniciará a súa vixencia na data da súa sinatura e manterase por un período de catro anos.

CUARTA.- COMPROMISOS ECONÓMICOS ASUMIDOS POLAS PARTES E DISTRIBUCIÓN DE INGRESOS

Este convenio non suporá intercambio económico algún entre as partes.

Os custos extraordinarios asumidos polas partes serán os derivados das obrigas expostas na cláusula segunda.

Os ingresos derivados das actividades que se desenvolvan no eido deste convenio serán xestionados pola súa entidade organizadora.

QUINTA.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO

Para o bo desenvolvemento do obxecto deste convenio e a aplicación dos mecanismos de seguimento, vixilancia e control na súa xestión aos que se fai referencia no artigo 49.f) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público, establecerase unha Comisión mixta de Seguimento integrada por representantes nomeados por cada unha das partes. A esta Comisión corresponderalle o seguimento, interpretación e avaliación das accións derivadas deste convenio e o establecemento das comunicacións precisas para o seu cumprimento.

Por parte do Concello de Cedeira actuará como representante a persoa que ostente a Concellería de Cultura do Concello de Cedeira e pola da Agadic a persoa responsable da coordinación do Departamento de Producción Teatral, ou persoas en quen deleguen.

No eido desta Comisión, as partes convenientes comunicaranse, a través dos seus respectivos representantes nomeados a estes efectos, a súas solicitudes de inclusión das actividades ou proxectos escénicos que cada unha delas teña interese en incluír no ámbito de aplicación deste convenio.

A propia Comisión será a responsable de resolver estas solicitudes mediante acordo dos seus integrantes. Neste acordo incluírase a información e condicións necesarias para o cumprimento das obrigas establecidas neste convenio, relativas aos horarios ou outros aspectos específicos das actividades ou proxectos escénicos que requiran de concreción. En ningún caso estes acordos poderán implicar cesión nin renuncia de competencias das partes, nin poderase incluír neles a asunción de obrigas económicas ou de compromisos xurídicos que se excedan do establecido neste convenio.

Esta Comisión tamén será a competente para as demais funcións que se lle asignen nas cláusulas deste convenio, das cales non poderá excederse, e de resolver, de xeito amistoso, os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir na súa aplicación.



SEXTA.- NOTIFICACIÓN ELECTRÓNICA

As partes están obrigadas a relacionarse por medios electrónicos de acordo co disposto no artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

AS COMUNICACIÓNS COA XUNTA DE GALICIA – AGADIC REALIZARANSE A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DA XUNTA DE GALICIA ([HTTPS://SEDE.XUNTA.GAL/PORTADA](https://sede.xunta.gal/portada)), CUXO ACCESO REQUIRIRÁ A IDENTIFICACIÓN DO INTERESADO OU DO SEU REPRESENTANTE A TRAVÉS DUN CERTIFICADO ELECTRÓNICO ASOCIADO AO NIF.

AS COMUNICACIÓNS CO CONCELLO DE CEDEIRA REALIZARANSE A TRAVÉS DA SEDE ELECTRÓNICA DO CONCELLO DE CEDEIRA ([HTTPS://SEDE.CEDEIRA.GAL/SXC/ES/](https://sede.cedeira.gal/sxc/es/)) OU MEDIANTE O SISTEMA DE INTERCAMBIO DE REXISTROS (SIR) DAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS.

SÉTIMA.- CONFIDENCIALIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

O Concello de Cedeira e a Agadic estarán obrigadas a gardar sxiilo respecto dos datos ou antecedentes que, non sendo públicos ou notorios, estean relacionados co obxecto deste convenio e chegasen ao seu coñecemento no seu desenvolvemento. Igualmente, non poderá transferir ningunha información sobre os traballos e os seus resultados, nin sobre a información facilitada polas partes para iniciar o obxecto deste convenio, sen a preceptiva autorización.

O Concello de Cedeira e a Agadic deberán respectar o carácter confidencial da información a que teñan acceso con ocasión da execución do acordo que pola súa propia natureza deba ser tratada como tal.

Información básica en materia de protección de datos	
Responsable do tratamento	Xunta de Galicia – Axencia Galega das Industrias Culturais
Finalidades do tratamento	A xestión de expedientes. Cumprimento de obrigas derivadas do acordo.
Lexitimación para o tratamento	Execución dun acordo
Destinatarios dos datos	Non se prevén comunicacións a terceiros, agás as estritamente necesarias financeiras e de control cando no seu caso sexan requiridas polos departamentos da Xunta de Galicia que ostenten a competencia para tal efecto.
Exercicio de dereitos	As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, limitación, potabilidade e supresión dos seus datos, ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común segundo se recolle en https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos .
Contacto delegado de protección de datos e información adicional	https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos

Por parte do Concello de Cedeira a política de privacidade e protección de datos pode consultarse na seguinte dirección: <http://www.cedeira.gal/proteccion-de-datos/?lang=es>

OITAVA.- COORDINACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

O Concello de Cedeira e a Agadic certifican que cumpren cos requisitos que impoñen a Lei de Prevención de Riscos Laborais e a normativa relacionada vixente. Por isto mesmo, asumen o compromiso de comunicarse mutuamente os riscos que o seu traballo nos distintos espazos obxecto de cesión poidan xerar, así como as medidas preventivas que deben adoptarse para evitalos ou controlalos, segundo el RD 171/2004, de 30 de xaneiro, polo que se desenvolve o artigo 24 da Lei 31/1995 de 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, en materia de coordinación de actividades empresariais.

NOVENA.- TRANSPARENCIA E BO GOBERNO

Ambas partes estarán obrigadas a subministrarse de xeito recíproco, logo de requirimento e nun prazo de dez días hábiles, toda a información necesaria para o cumprimento das obrigas previstas no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia.

DÉCIMA.- PUBLICIDADE DO CONVENIO

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro (DOG núm. 30 do 15.02.2016) e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia. A estes efectos, as partes asinantes prestan consentimento e autorización para que os seus datos persoais que consten no convenio e o resto de especificacións contidas nel poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto. Así mesmo, as partes asinantes aceptan e consenten a remisión do convenio, despois da súa sinatura, ao Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.



DÉCIMO PRIMEIRA.- MODIFICACIÓN, DENUNCIA E RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Poderase modificar este convenio mediante acordo entre as partes sempre e cando estas modificacións beneficien a boa marcha das actividades e propicien a consecución dos fins e obxectivos de cada entidade. Calquera modificación deberá acordarse de xeito expreso e por escrito polas partes asinantes e de acordo coa normativa vixente.

A Agadic e o Concello de Cedeira poderán acordar en calquera momento a resolución deste convenio. Igualmente, calquera das partes poderá denunciar este convenio, comunicándoo por escrito á outra parte, cunha antelación mínima de dous meses á data na que o vaia dar por rematado, no suposto de incumprimento dalgunha das súas cláusulas. En todo caso, as partes comprométense a finalizar as actividades que estean en curso. O incumprimento de calquera obriga incluída neste convenio determinará o vencemento do mesmo quedando sen efecto e extinguidas as obrigas asumidas polas partes.

Este acordo quedará sen efecto e anulado, e non dará dereito a reclamación de ningún tipo no caso de incumprimento polas causas de forza maior establecidas legalmente. Para os efectos establecidos nesta cláusula, consideraranse como casos de forza maior os seguintes: catástrofes naturais, actos de terrorismo que afecten ao normal desenvolvemento do espectáculo, orde da autoridade competente que non permita o uso do local onde deba celebrarse a actuación ou a propia celebración do mesmo, folgas, loito nacional e avarías que afecten ao servizo ou subministracións.

DÉCIMO SEGUNDA. – COMPETENCIAS

Este convenio non supón a renuncia das partes ás súas respectivas competencias.

DÉCIMO TERCEIRA.-INTERPRETACIÓN E RESOLUCIÓN DE CONFLITOS

Este convenio ten natureza administrativa. As controversias que poidan xurdir sobre a interpretación, modificación, resolución e efectos que poidan derivarse do presente convenio resolveranse entre as partes a través da Comisión de Seguimento. No seu caso, ambas as dúas partes someterán as diverxencias que puideran presentarse en orde á interpretación ou cumprimento do presente convenio á xurisdición contencioso-administrativa dos xulgados de Santiago de Compostela.

E en proba de conformidade de canto antecede asinan dixitalmente en Santiago de Compostela na data que figura á marxe.

Pola Axencia Galega das Industrias Culturais
O director
(P.D. do 24 de xullo de 2012)
Jacobo Sutil Nesta

Polo Concello de Cedeira
O alcalde

Pablo Diego Moreda Gil

“

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a urxencia e aprobara proposta nos termos nos que quedou transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión ás 13:55 horas do expresado día, estendéndose a presente acta do que eu, como Secretaria, dou fe.

O PRESIDENTE
PABLO DIEGO MOREDA GIL

A SECRETARIA
ANA VELO RUIZ